



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 13 DE XUÑO DE 2.007

“Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día 13 de xuño de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Xoán Manuel Tubío Fernández, D. Arcadio Lombao Román e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame ó único asunto comprendido na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS: ORDINARIA DE 27-04-07, EXTRAORDINARIA DE 30-04-07 E EXTRAORDINARIA DE 21-05-07.

Póñense de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 27 -04-07, 30-04-07 e 21-05-07.

Sométese a votación a aprobación das mesmas, resultando aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

A continuación o Sr. Alcalde, diríxese aos membros da Corporación cesante, coa finalidade de agradecer a dedicación e traballo prestado ao longo destes anos, tanto de aqueles que tiñan asignadas responsabilidades no goberno, coma de aqueles que tiñan asignada a responsabilidade da oposición.

Finalmente, destaca o bó ambiente que reinou durante estes anos entre os membros da Corporación, que fixo das sesións plenarias un cometido agradable.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

Vº e Praxe,
O Alcalde,